



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

Delegación Provincial
Edificio Administrativo de Servizos Múltiples
Monelos
A Coruña



XEFE DE SERVIZO DE MONTES E INDUSTRIAS FORESTAIS
DELEGACIÓN PROVINCIAL DA CONSELLERÍA
DO MEDIO RURAL DA CORUÑA

Por medio da presente comunícolle para o seu coñecemento e aos efectos oportunos, que o Xurado provincial de montes veciñais en man común da Coruña, na súa reunión do día 9 de maio do 2007, adoptou a seguinte acordo:

ASISTENTES

PRESIDENTE

Delegada Provincial da Consellería do Medio Rural
D^a Olga M^a García Agra

VOGAIS

Representante do servizo de Montes e Industrias Forestais
D. José J. Martel Muñoz-Cobos
Representante do Ilustre Colexio Provincial de Avogados de A Coruña
D. Augusto José Pérez-Cepeda Vila

Letrado da Asesoría Xurídica da Xunta de Galicia
D. Alfonso Vázquez – Castro Garma

Representante das Comunidades propietarias de montes clasificados da Provincia
D. José Manuel Caramés Franco

Vogais representantes da parroquia de Mañón do concello de Mañón
D. Vicente Rodríguez Martínez
D. Manuel González Ventura

SECRETARIA

Xefa do servizo Xurídico Administrativo da Delegación Provincial da Consellería do Medio Rural
D^a J. Amalia Lorenzo Penela

Na cidade da Coruña sendo o día 9 de maio do 2007, coa asistencia das persoas reseñadas anteriormente, reúnese no 3º andar do edificio administrativo Monelos o Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de A Coruña co obxecto estudar e resolver o seguinte expediente:



Expediente nº 399

Monte: "Coriscada e Vilariño"

Comunidade: Parroquia de Mañón

Parroquia: Mañón

Concello: Mañón

Superficie: 222,85 has

Lindeiros:

Cadra totalmente co plano de deslindamento do monte CUP nº 401, denominado Carranco, Coriscada e Vilariño, o deslindamento do cal foi aprobado pola Orde Ministerial do 19 de novembro de 1971 (BOP do 19 de novembro).

Norte: Monte Fraga e Veiga, números 229 e 231 do CUP

Este: predios particulares, seguindo en parte a estrada do Barqueiro a Mañón e Grañas do Sar.

Sur: Estrada do Barqueiro a Mañón e Grañas do Sar.

Oeste: Monte Penagrande, Corva, Teixido e outros, nº 351 do CUP; montes Carabelote e outros nº 238 e 345 do CUP e Montecalvelo nº 385 do CUP, en termo municipal de Ortigueira, fincas particulares, novamente Montecalvelo e monte Mañón nº 243 do CUP, no termo municipal de Ortigueira

ANTECEDENTES DE FEITO

1º D.Vicente Rodríguez Martínez, na súa condición de presidente da xunta promotora para a clasificación como monte veciñal do monte "Coriscada e Vilariño", solicitou o 26 de novembro de 2004, ante este Xurado dita declaración. Fundamenta a súa petición en que os montes "Coriscada e Vilariño" son de natureza veciñal, pois foron aproveitados sen distinción por todos os veciños da parroquia. Presentan como proba documental ao efecto un acta notarial de oito de novembro de 2004 na que "os veciños recordan que o monte veciñal de Mañón, sito na parroquia onde residen, ven sendo utilizado, dende tempo inmemorial, polos veciños desta parroquia, dependendo o uso desa mesma condición veciñal, como unha comunidade. Este uso indican que se estendeu tradicionalmente a todo tipo de beneficios, aproveitamentos ou utilidades do monte, incluíndo os forestais e de pastos, sen que fixeran ningunha contraprestación ou cota por estes aproveitamentos, nin eles nin os seus antepasados na condición de veciños da parroquia, e todo isto sen concretarse tales usos en cotas ideais ou porcións concretas de dito monte".

2º Con data 22 de febreiro do 2005 requíreselle ao promotor, D. Vicente Rodríguez Martínez, que emende a documentación presentada no que atinxe á información xeroreferenciada segundo informe neste sentido do xefe de Área Técnica de Montes Veciñais en Man Común achegándolle copia deste informe de 15 de febreiro do 2005 e plano do deslinde do monte para que realicen un levantamento topográfico.

Contéstase a dito requirimento o 26 de agosto do 2005 achegando planos topográficos do monte en cuestión, presentando, a súa vez, escrito de adhesión do presidente da comisión promotora ao plano do monte deslindado por Orde Ministerial do 19/11/1970.

3º A vista de tal solicitude e da documentación achegada, o Xurado na súa reunión do 2 de febreiro de 2006, acordou inicia-lo oportuno expediente nomeando como instrutor D. Juan Ramón Beneyto Bellas quen aceptou expresamente o cargo.

4º Con data 30 de marzo do 2006, e en cumprimento do disposto no artigo 20 do Regulamento do Montes Veciñais en Man Común, solicitouse ao servizo de Montes e Industrias Forestais informe sobre o monte de referencia. O informe do Xefe de Área Técnica de Montes Veciñais



en Man Común emitido o 19 de xullo do 2006 manifesta que o monte solicitado cadra totalmente co monte “Carranco, Coriscada e Vilariño” nº 401 do CUP, e que, en canto á titularidade, e consonte á ficha do CUP, pertencía á parroquia de Mañón, a que viña sendo representada polo concello de Mañón. A mesma titularidade consta nas bases do consorcio. No elenco de montes conveniados ou consorciados coa Xunta de Galicia figura o monte co nº de elenco C-3152.

5º De acordo co disposto no artigo 21 do Regulamento do 4 de setembro do 1992, con data 20 de xullo do 2006 solicitouse ao Rexistro da Propiedade de Ortigueira certificación dos asentos que poden afectar ao terreo en cuestión, respostando que no folio 143 do Tomo 401 do Arquivo deste Rexistro, Libro 41 do Concello de Mañón, figura inscrita a finca nº 6.812 como monte denominado “Carranco, Coriscada e Vilariño”, sito na parroquia de Mañón, a favor do Concello de Mañón e libre de cargas.

6º Para dar cumprimento ao disposto no artigo 21 do Regulamento do 4 de setembro de 1992, con data 15 de setembro do 2006 procedeuse á correspondente tramitación e librouse por Orde do Instrutor comunicacións do acordo de inicio do expediente de clasificación ao xefe do Servizo de Montes e Industrias Forestais, aos efectos de aproveitamentos e de acordo co disposto no artigo 10 da Lei 13/89, do 10 de outubro; ao Sr. Alcalde-Presidente do concello de Mañón, ao que se lle remitiu edicto do acordo de inicio a fin de que, segundo o disposto no artigo 10 da Lei e 23 do Regulamento de montes veciñais en man común, sexa exposto polo período de un mes aos efectos de alegacións dos posibles interesados; ao Rexistro da Propiedade de Ortigueira para que se realice a práctica das oportunas anotacións preventivas; a D. Vicente Rodríguez Martínez, como presidente da xunta promotora para a clasificación do monte; e ao Diario Oficial de Galicia para a súa publicación (nº 198, do 13 de outubro do 2006). No taboleiro de anuncios do concello estivo exposto –segundo certificación da súa secretaria - desde o 29 de setembro do 2006 e polo período de un mes.

7º.- Durante o período de alegacións presentáronse as seguintes:

- O concello de Mañón remite con data 9 de novembro do 2006 unha certificación do Rexistro da Propiedade de Ortigueira na que se fai constar que o monte denominado “Carranco, Coriscada e Vilariño” sito na parroquia de Mañón e cunha extensión de 309 has. figura inscrito a favor do concello de Mañón en virtude de certificación expedida o 1 de xullo de 1996 pola secretaria do devandito concello.
- O día 3.11.2006, Dª Rosario Arroyo Brotons en representación de Sistemas Energéticos Mañón Ortigueira, S.A. alega que esta empresa é propietaria do parque eólico “A Coriscada”, sito no monte sobre o que se está valorando a súa clasificación como veciñal e polo que solicita se lle teña en conta no expediente como interesada a fin de poder alegar os seus dereitos. Esta concesión foi outorgada o 6.05.1997 pola Consellería de Agricultura, Gandería e Montes quen resolveu autorizar a ocupación dunha parcela de 35 has. para a instalación dun parque eólico nos montes “Carranco, Coriscada” e “Fraga e Veiga”, propiedade do concello de Mañón por un período de 30 anos. Aporta documentación neste sentido.

8º Na xuntanza do Xurado do 22 de decembro do 2006, e ante a substitución de D Juan Ramón Beneyto Bellas como vogal representante do Colexio Provincial de Avogados da Coruña por D. Augusto José Pérez-Cepeda Vila, désignase a este como Instrutor do presente expediente quen acepta o cargo.

9º Con data 29 de xaneiro do 2007, o xefe de Área Técnica de Montes Veciñais en Man Común emite informe sobre o expediente de clasificación no que basicamente indica que o monte que



se pretende clasificar coincide completamente co monte CUP nº 401 co nome de “Carranco, Coriscada e Vilariño”, deslindado por Orde Ministerial do 19/11/1970 e que, segundo a información da ficha do CUP pertencía á parroquia de Santa Maria de Mañón, a que viña sendo representada polo concello de Mañón. Tamén hai referencias ao dereito á xusta participación da comunidade veciñal, a parroquia, nos beneficios que se obtiveren. No elenco de montes conveniados ou consorciados coa Xunta de Galicia figura consorciado co concello de Mañón co nº C-3152. Así mesmo, fai constar que, segundo informa o Distrito Forestal I, existe no monte unha ocupación de viradelos. O técnico do mentado distrito indica no seu informe de data 3 de outubro do 2006, en canto ao aproveitamento do monte polos veciños que “ata mediados dos anos noventa aproveitábanse polos veciños da parroquia de Mañón os esquilmos e dous pastizais creados polo ICONA a finais dos anos setenta....na actualidade, os pastizais están abandonados e, en canto aos esquilmos, motivado polo abandono da agricultura e gandería tradicionais, só os seguen a aproveitar catro veciños de Vilariño”.

10º Con data 27 de febreiro do 2007, e dando cumprimento ao disposto no artigo 84 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, sobre o trámite de audiencia previa á proposta de resolución, realizáronse comunicacións a todas aquelas persoas que constan no expediente como posibles interesados :

- a Dª Rosario Arroyo Brotons en representación de Sistemas Energéticos S.A, titular dun parque aeólico no monte a clasificar, quen non presentou ningunha alegación neste periodo.
- ao concello de Mañón, quen se opón á clasificación do monte como veciñal alegando, en resumo, que o devandito monte está rexistrado no Rexistro da Propiedade a favor do concello; que sempre constou a súa natureza e titulariedade pública como así o amosa o feito de que se sometese a licencia ou autorización tódalas actividades que implicaron unha actividade privativa do monte, entre elas, a ocupación de terreos para a instalación e explotación do parque aeólico “A Coriscada”. Aporta, entre outros, o documento no que se establecen as condicións da ocupación, do que cabe destacar a cláusula nº 24 co enunciado de “subsistencia da concesión no caso de clasificación sobrevida dos montes como veciñais en man común”.
- preséntanse no expediente como interesadas Dª Ana Mª Rego Dovale e Dª Andrea Dovale Pigueiras quen alegan que posúen fincas da súa propiedade dentro do monte que se pretende clasificar e aportan documentación neste sentido e plano topográfico que verifica que, efectivamente, as fincas mencionadas atópanse no perímetro do monte.

11º Na xuntanza do Xurado Provincial do 9 de maio do 2007, os promotores se ratifican nas súas pretensións e comparecen D. José García Pampillo en representación da súa dona Dª Ana Mª Rego Dovale e D. José Rego Dovale en representación da súa nai Dª Andrea Dovale Pigueiras, asistidos polo técnico D. Juan Vicente Penabad Muras, quen no seu nome, manifesta que os reclamantes se ratifican nas súas alegacións presentadas durante o trámite de audiencia e solicitan se lles recoñeza a propiedade das súas fincas sitas no monte que se pretende clasificar como veciñal en man común.

12º Na tramitación destas actuacións cumpríronse as formalidades legais e regulamentarias, esixidas principalmente pola Lei 13/89, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común e os seu Regulamento de aplicación aprobado polo Decreto 260/92, do 4 de setembro, ambos da Comunidade Autónoma de Galicia; Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común e demais disposicións aplicables ao caso.



FUNDAMENTOS DE DEREITO

1º O Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común da Coruña ten xurisdición e competencia para coñecer deste expediente en virtude do disposto nos artigos 9 e 10 da Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común.

2º De conformidade co contido do artigo 11 da precitada Lei e artigo 19 do seu Regulamento aprobado polo Decreto 260/1992, do 4 de setembro, os veciños da parroquia de Mañón do concello de Mañón son parte lexítima para solicitar a iniciación do presente expediente de clasificación.

3º Para a súa clasificación como veciñal en man común, o monte debe reunir as seguintes características: 1) pertenza a agrupacións de veciños na súa calidade de grupos sociais, non como entidades administrativas; 2) que se veña aproveitando consuetudinariamente en réxime de comunidade, sen asignación de cotas polos membros de cada agrupación na súa condición de veciños comuneiros; 3) que os veciños comuneiros residan habitualmente con casa aberta dentro da área xeográfica sobre a que se asenta o grupo social que tradicionalmente aproveitou o monte (artigos 1, 2 e 3 da Lei 13/89 e 1, 2 e 3 do Regulamento).

4º En canto ao aproveitamento consuetudinario do monte por parte dos veciños da parroquia de Sta. María de Mañón, no informe emitido polo Servizo de Montes e Industrias Forestais de data 29/1/2007 indica que a titularidade do monte consonte a ficha do CUP nº 401 pertence á parroquia de Sta María de Mañón, a cal viña sendo representada polo concello de Mañón, constando a mesma titularidade nas bases do consorcio (datado en 26/5/1967): “ monte comunal sen catalogar, pertencente á parroquia de Santa María de Mañón”. Por outra banda, no informe do Técnico do Distrito I sinálase tamén a existencia de aproveitamentos dos veciños da parroquia de Mañón, cando menos ata mediados dos anos noventa, de esquilmos e dous pastizais creados polo ICONA a finais dos anos setenta.

Por outra banda, en canto á inscrición rexistral do monte a favor do concello de Mañón alegada por este, hai que ten en conta que a mesma realizouse, segundo certificación do Rexistrador, en virtude de certificación da secretaria do concello de data 1 de xullo de 1996, moi posterior ao consorcio co concello (26/5/67), onde hai claras referencias á titularidade veciñal. Neste sentido hai que ter en conta que o artigo 12 da Lei 55/80, de 11 de novembro, e no mesmo sentido o artigo 27 do Regulamento de Montes Veciñais en Man Común (Decreto 260/1992) establece que non será obstáculo para a clasificación do monte como veciñal en man común a circunstancia de estar incluído nos catálogos, inventarios ou rexistros públicos con asignación diferente de titularidade, agás que os asentos se practicasen en virtude de sentenza ditada en xuízo declarativo, circunstancia que non se dá neste caso.

No referente á indicación realizada polo concello no seu escrito de alegacións de que o propio Xurado Provincial informoulle por escrito de 2 de outubro de 1996 – e a requirimento deste- que o monte “Carranco, Coriscada e Vilariño” nº 401 do CUP é público e non está afectado por ningunha clasificación de monte veciñal en man común”, resposta simplemente á realidade existente neses momentos, e non é contraditoria coa posibilidade de que exista con posterioridade, como é caso, unha solicitude de declaración como veciñal onde se está a valorar precisamente esta condición. Por último, e no relativo á restante documentación achegada polo concello na que se indica a “titularidade ou propiedade” do concello do monte en cuestión, non se pode obviar que toda ela é de data recente, posterior á inscrición rexistral realizada no ano 1996, o que parece indicar que se tomou como referente a esta.



En relación á ocupación de viradelos outorgada polo concello de Mañón a favor da empresa Sistemas Energéticos Mañón Ortigueira S.A, a cláusula 24 do contrato que a regula ven titulada “subsistencia da concesión no caso de clasificación sobrevida dos montes como veciñais en man común” e nela se recolle que “..no caso de clasificación sobrevida dos montes afectados pola presente concesión como veciñais en man común,entrando a percibir a comunidade titular o canon que devengarase no momento da clasificación”, facendo unha transcripción do establecido na disposición adicional do Decreto 260/1992, do 4 de setembro, de montes veciñais en man común, o que debe entenderse como un recoñecemento implícito da condición veciñal do monte por parte do concello; referencia que non se faría de ter clara a titularidade do monte como de seu..

Por último, e en canto ás propiedades de fincas sitas no monte que se pretende clasificar alegadas por D^a Andrea Dovale Pigueiras e Ana M^a Rego Dovale non lle corresponde a este Xurado o recoñecemento dominical das mesmas, tal e como solicitan ás reclamantes, debendo acudir á xurisdición ordinaria para facer valer os dereitos que cren lles asisten segundo o disposto no artigo 10.9 da Lei 55/1980, de montes veciñais en man común.

5º Das actuacións obrantes no expediente e , en especial dos informes e documentación que consta no mesmo e que se indicaron no parágrafo anterior, constátase que o monte que se pretende clasificar é un monte veciñal aproveitado polos veciños da parroquia de Mañón do concello de Mañón, e que reúne así as condicións esixidas pola Lei 13/1989, do 13 de outubro, de montes veciñais en man común.

En consecuencia, este Xurado, á vista dos antecedentes e fundamentos de dereito expostos, de acordo coa Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común e o seu regulamento aprobado polo Decreto 260/1992, do 4 de setembro, e demais preceptos legais e regulamentarios, de xenérica e específica aplicación, a proposta do Instrutor e por unanimidade dos asistentes, este Xurado

ACORDA

Primeiro: Clasificar como monte veciñal en man común o denominado monte “ Coriscada e Vilariño” a favor da parroquia de Mañón do concello de Mañón, cos lindeiros , superficie e características seguintes:

Expediente nº 399

Monte: “Coriscada e Vilariño”

Comunidade: Parroquia de Mañón

Parroquia: Mañón

Concello: Mañón

Superficie: 222,85 has

Lindeiros:

Cadra totalmente co plano de deslindamento do monte CUP nº 401, denominado Carranco, Coriscada e Vilariño, o deslindamento do cal foi aprobado pola Orden Ministerial do 19 de novembro de 1971 (BOP do 19 de novembro).

Norte: Monte Fraga e Veiga, números 229 e 231 do CUP

Este: predios particulares, seguindo en parte a estrada do Barqueiro a Mañón e Grañas do Sar.

Sur: Estrada do Barqueiro a Mañón e Grañas do Sar.

Oeste: Monte Penagrande, Corva, Teixido e outros, nº 351 do CUP; montes Carabelote e outros nº 238 e 345 do CUP e Montecalvelo nº 385 do CUP, en termo municipal de Ortigueira, fincas particulares, novamente Montecalvelo e monte Mañón nº 243 do CUP, no termo municipal de Ortigueira



Segundo: En canto á ocupación de viradelos existente no monte clasificado outorgada polo concello de Mañón a favor da empresa Sistemas Energéticos Mañón Ortigueira S.A., subsistirá esta nos termos da concesión de acordo co establecido na disposición adicional do Decreto 260/1992, do 4 de setembro, de montes veciñais en man común, en consoancia co disposto na disposición final terceira da Lei estatal 55/1980, do 11 de novembro, de montes vecinais en man común.

Así mesmo, acórdase excluír o declarado do inventario de bens do concello e do Catálogo de Montes de Utilidade Pública, se neles estivera inscrito, incluíndoo no rexistro de Montes Veciñais en Man Común que figura na Delegación Provincial da Consellería do Medio Rural de A Coruña.

Notifíquese a presente resolución aos interesados.

Contra esta resolución que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso de reposición con carácter potestativo ante o Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común da Coruña no prazo dun mes, ou ben interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso Administrativo da Coruña no prazo de dous meses, contados dende o día seguinte ao desta notificación, de acordo co disposto no artigo 116 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, e nos artigos 8 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

A Coruña 24 de maio de 2007

Vº e Prace A Presidenta do Xurado

Olga Mª García Agra

A Secretaria do Xurado

J. Amalia Lorenzo Penela

